

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 12 de xuño de 2009 pola que se convocan, para o ano 2009, as primas para o abandono de viñedo.

O Regulamento (CE) 479/2008, do Consello, do 29 de abril, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola implanta, no capítulo III do título V un réxime de primas para os produtores polo arrinque voluntario dos seus viñedos que se aplicará desde a campaña vitivinícola 2008/2009 ata a 2010/2011, ambas inclusive. A nivel estatal, o Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, desenvolve no capítulo IV o procedemento para a aplicación deste réxime de primas ao abandono definitivo de viñedo.

Pola súa banda, a Orde do 11 de agosto de 2008, da Consellería do Medio Rural (DOG número 168, do 1 de setembro), establece na sección primeira, as bases reguladoras das primas para o abandono de viñedo en Galicia. Co propósito de preservar o noso potencial vitivinícola, determina que non aplicará este réxime a aquelas superficies de viñedo plantadas con variedades de uva que outorgan calidade aos viños obtidos a partir delas. Previstas estas bases reguladoras con vixencia indefinida, cómpre realizar a convocatoria correspondente a este ano 2009.

En consecuencia, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

O obxecto desta orde é establecer a convocatoria para o ano 2009, en concorrencia competitiva, das primas para o arrinque definitivo de viñedo na campaña vitivinícola 2009/2010, ao abeiro da orde da Consellería do Medio Rural do 11 de agosto de 2008 (DOG número 168, do 1 de setembro), pola que se establecen as bases reguladoras das primas para o réxime de abandono de viñedo.

Artigo 2º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder a estas primas, deberán cumprir os requisitos establecidos na Orde do 11 de agosto de 2008, da Consellería do Medio Rural (DOG número 168, do 1 de setembro) pola que se determinan as condicións de concesión das primas para o abandono de viñedo.

2. Estas primas teñen por finalidade acadar o equilibrio entre a oferta e a demanda na procura dun sector vitivinícola competitivo e de calidade.

Artigo 3º.-Prazo e presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse entre o 1 e o 31 de xullo de 2009, nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural, ou nos demais lugares e formas previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes, documentación e procedemento de xestión serán os establecidos con carácter xeral

na Orde do 11 de agosto de 2008, da Consellería do Medio Rural, pola que se regulan as primas para o abandono de viñedo en Galicia.

3. A presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización á Dirección Xeral de Producción Agropecuaria para recabar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Non obstante quedan exentos de xustificar o cumprimento das obrigas ás que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das primas especificadas no artigo 48.Un i) da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Artigo 4º.-Superficies exentas da aplicación do réxime de abandono na campaña 2009/2010.

As zonas excluídas da aplicación do réxime de arrinque de viñedo consonte os puntos primeiro e segundo do artigo 6 da Orde do 11 de agosto de 2008, da Consellería do Medio Rural son, para a campaña vitícola 2009/2010, as que se recollen no anexo.

Artigo 5º.-Prazo de execución.

Consonte o establecido no artigo 11.3º da Orde do 11 de agosto de 2008, da Consellería do Medio Rural, a data límite para realizar o arrinque de viñedo naquelas superficies para as que se concederan as primas é o 1 de abril de 2010.

Artigo 6º.-Financiamento.

1. As primas que deriven da aplicación desta orde proceden do Fondo Europeo Agrario de Garantía (Feaga) e estarán financiadas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, 11.03.713-C.772.1, dotada para esta finalidade con 50.000 euros.

2. Esta dotación poderá verse incrementada con outros remanentes orzamentarios, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias. O incremento de crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Disposicións adicionais

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto nos regulamentos (CE) 479/2008 do Consello, do 29 de abril e 555/2008, da Comisión, do 27 de xuño, no Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na orde da Consellería do Medio Rural do 11 de agosto de 2008.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións que considere oportunas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

Zonas excluídas da aplicación do réxime de arrinque de viñedo-campaña 2009/2010

1. Zonas de montaña con altitude superior a 500 metros

Provincia: Ourense					
Concello	ha	Concello	ha	Concello	ha
A Bola	7	Cualedro	94	O Irixo	1
A Gudíña	2	Entrimo	2	Oimbra	164
A Merca	16	Esgos	1	O Pereiro de Aguiar	1
A Mezquita	4	Gomesende	1	Paderne de Allariz	2
A Peroxa	1	Larouco	109	Padrenda	1
A Pobra de Trives	22	Laza	19	Petín	7
A Rúa	8	Leiro	1	Quintela de Leirado	1
A Teixeira	1	Lobeira	4	Ramirás	5
Allariz	50	Lobios	8	Riós	10
Boborás	5	Manzaneda	9	Rubiá	71
Carballada de Avia	1	Maside	1	San Cristovo de Cea	2
Carballada de Valdeorras	4	Melón	1	Taboadela	1
Cartelle	3	Monterrei	285	Verea	3
Castro de Miño	3	Muños	3	Verín	3
Castro do Val	24	Nogueira de Ramuín	1	Viana do Bolo	178
Castro Caldelas	3	O Barco de Valdeorras	92	Vilamarín	3
Celanova	22	O Bolo	74	Vilamartín de Valdeorras	9
Coles	1	O Carballiño	2	Vilardevós	89

Provincia: Pontevedra	
Concello	ha
A Estrada	12
Cotobade	1
Silleda	13
Vila de Cruces	6

2. Zonas con pendentes superiores ao 25%

Provincia: A Coruña	
Concello	ha
A Pobra do Caramiñal	13
Betanzos	9
Boiro	33
Boqueixón	13
Brión	4
Cesuras	1
Coiros	2
Dodro	3
Noia	2
Paderne	5
Padrón	18
Pontevedra	5
Porto do Son	1
Rianxo	17
Ribeira	2
Rois	10
Teo	9
Touro	75
Vedra	32

Provincia: Lugo	
Concello	ha
A Fonsagrada	1
Becerreá	1
Guntín	4
Lugo	1
Navia de Suarna	1
Páramo	2

Provincia: Ourense	
Concello	ha
A Arnoia	65
A Gudíña	9
A Merca	2
A Peroxa	153
A Pobra de Trives	83
A Rúa	94
A Teixeira	103
Allariz	1
Amoeiro	11
Avión	2
Barbadás	7
Beade	20
Boborás	78
Carballada de Avia	52
Carballada de Valdeorras	113
Cartelle	9
Castro de Miño	166
Castro do Val	19
Castro Caldelas	76
Celanova	8
Cenlle	112
Coles	13
Cortegada	48
Cualedro	2
Entrimo	5
Gomesende	14
Larouco	45
Laza	13
Leiro	155
Lobeira	4
Lobios	34
Manzaneda	121
Maside	1
Melón	9
Monterrei	65
Nogueira de Ramuín	37
O Barco de Valdeorras	133
O Bolo	166
O Carballiño	43
Oimbra	19
O Pereiro de Aguiar	22
Ourense	57
Padrenda	52
Parada de Sil	65
Petín	84
Pontedeiva	13
Punxín	20
Quintela de Leirado	12
Ramirás	9
Ribadavia	101
Riós	78
Rubiá	102
San Amaro	21
San Cibrao das Viñas	3
Taboadela	2
Toén	63
Verea	1
Verín	15
Vilamartín de Valdeorras	154
Vilardevós	85

Provincia: Pontevedra	
Concello	ha
A Cañiza	66
A Estrada	88
Arbo	86
As Neves	86
Baiona	5
Barro	3
Bueu	63
Caldas de Reis	48
Cambados	11
Campo Lameiro	38
Gangas	16
Catoira	3
Cotobade	41
Crecente	111
Cuntis	31
Forcarei	1
Gondomar	21
Marín	50
Meaño	43
Meis	75
Moaña	28
Mondariz	102
Mondariz Balneario	1
Moraña	20
Mos	54
Nigrán	7
O Covelo	37
O Grove	1
O Porriño	55
O Rosal	33
Oia	22
Pazos de Borbén	27
Poio	28
Ponte Caldelas	21
Ponteareas	87
Ponteceures	2
Pontevedra	89
Portas	25
Redondela	77
Ribadumia	6
Salceda de Caselas	45
Salvaterra do Miño	68
Sanxenxo	23
Silleda	14
Soutomaior	63
Tomíño	56
Tui	44
Valga	17
Vigo	25
Vila de Cruces	88
Vilaboa	46
Vilagarcía de Arousa	44
Vilanova de Arousa	19

3. Zonas con cultivo, maioritariamente, en socalcos

Provincia: Lugo	
Concello	ha
Carballado	87
Chantada	289
Monforte de Lemos	196
O Saviñao	259
Pantón	471
Paradela	39
Pobra do Brollón	46
Portomarín	68
Quiroga	447
Ribas de Sil	150
Sober	327
Taboada	68

4. Zonas con consideracións medioambientais e paisaxísticas

Provincia: Lugo	
Concello	ha
Nogueira de Muíñiz	20